

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024781	do Barral	Ponteareas	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC12	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3016	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	2023/2024	9	206	247

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	IRENE LEMOS UCHA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo "Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos" pertence ao Ciclo Formativo de Grao Básico en "Informática de Oficina" que ten unha duración de 2.000 horas ao longo de dous cursos académicos e lle corresponde o "Título profesional básico en Informática de Oficina".

O ciclo de "Informática de Oficina" pertence ás familias profesionais de "Informática e Comunicacions" e "Administración e Xestión" con referente europeo CINE-3.5.3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

O módulo "Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos" impártese durante o segundo curso, cunha duración de 206 horas, distribuídas en 9 sesións (50 minutos) semanais; o que da como resultado 247.2 sesións en todo o curso escolar.

O desenvolvemento curricular deste módulo ten como referencia de partida o Real Decreto 356/2014, de 16 de maio (BOE nº 130 do 29 de maio de 2014), onde se establece o currículo do ciclo de Formación Profesional Básica "Informática de Oficina".

No ámbito de Galicia, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia estableceu o currículo do ciclo formativo de Formación Profesional Básica correspondente ao "Título profesional básico en Informática de Oficina" no DECRETO 107/2014, de 4 de setembro (DOG nº 175 do 15 de setembro de 2014).

O módulo "Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos" desenvolve, total ou parcialmente, as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais do currículo do "Título profesional básico en Informática de Oficina":

- a) Preparar equipamentos e aplicacións informáticas para levar a cabo a gravación, o tratamento, a impresión, a reprodución e o arquivamento de datos e textos, asegurando o seu funcionamento.
- b) Elaborar documentos mediante as utilidades básicas das aplicacións informáticas dos procesadores de texto e das follas de cálculo, aplicando procedementos de escritura ao tacto con exactitude e rapidez, e arquivando a información e a documentación, en soporte dixital e convencional, de acordo cos protocolos establecidos.
- c) Reunir os materiais para acometer a montaxe e/ou o mantemento en sistemas microinformáticos e redes de transmisión de datos.
- d) Realizar operacións auxiliares de montaxe de sistemas microinformáticos e dispositivos auxiliares en condicións de calidade.
- e) Realizar operacións auxiliares de mantemento e reparación de sistemas microinformáticos, garantindo o seu funcionamento.
- f) Realizar as operacións para o almacenamento e o transporte de sistemas, periféricos e consumibles, seguindo criterios de seguridade e catalogación.
- g) Realizar comprobacións rutineiras de verificación na montaxe e no mantemento de sistemas e/ou instalacións.
- h) Montar canalizacións para cableamento de datos en condicións de calidade e seguridade.
- i) Tender o cableamento de redes de datos aplicando as técnicas e os procedementos normalizados.

Este ciclo está relacionado, segundo se indica no currículo do título, coas seguintes cualificacións profesionais e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais:

- Cualificacións profesionais completas: "IFC361_1 Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos"
 - UC1207_1: realizar operacións auxiliares de montaxe de equipamentos microinformáticos.
 - UC1208_1: realizar operacións auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos.
 - UC1209_1: realizar operacións auxiliares con tecnoloxías da información e da comunicación.
- Cualificacións profesionais incompletas: "ADG306_1 Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos"
 - UC0974_1: realizar operacións básicas de tratamento de datos e textos, e confección de documentación.
 - UC0971_1: realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivamento en soporte convencional ou informático.

Os sectores onde poden desenvolver os alumnos a súa actividade profesional son practicamente todos, xa que as tarefas informáticas de mantemento de equipos e sistemas son unha necesidade común a todas as empresas; tanto por conta allea en empresas adicadas á



comercialización, á montaxe e ao mantemento e reparación de sistemas microinformáticos, como en empresas que utilicen sistemas informáticos en xeral; realizando labores tanto relacionadas co ámbito informático coma administrativo.

O ámbito produtivo no que se atopa o IES do Barral, en Ponteareas, caracterízase pola abundancia de PEME, xunto con varias empresas medianas. Polo tanto, na concreción do currículo do ciclo, terase en conta esta circunstancia para incidir nas tecnoloxías e infraestruturas máis utilizadas neste tipo de empresas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos de redes de transmisión de voz e datos	Selecciona e describe os elementos que configuran as redes de transmisión de voz e datos	66	25
2	Cableamento dunha rede de voz e datos	Desprega e analiza trazados de cableamento dunha rede de transmisión de voz e datos	48	19
3	Montaxe de canalizacións, soportes e armarios	Aplica técnicas de montaxe e identifica elementos no plano de instalacións de comunicacións	36	11
4	Instalación de elementos e sistemas de transmisión de voz e datos	Montaxe e conexión dos elementos das instalacións de comunicacións de voz e datos	30	12
5	Configuración básica de redes locais	Operacións de configuración de redes locais en relación coas súas aplicacións	48	19
6	Iniciativa emprendedora na instalación de redes	Describe os requisitos e as actitudes necesarias para a instalación de redes de transmisión de datos	9	7
7	Prevención de riscos laborais e protección ambiental	Identifica os riscos laborais e as medidas para previlos, así como a normativa de protección ambiental e tratamento de residuos	10	7

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos de redes de transmisión de voz e datos	66

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos que configuran as redes de transmisión de voz e datos, e describe as súas principais características e funcións	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de instalacións relacionadas coas redes de transmisión de voz e datos
CA1.2 Identifícanse os elementos (canalizacións, medios de transmisión, antenas, armarios, racks, caixas, etc.) das redes de transmisión de voz e datos
CA1.3 Clasifícanse os tipos de medios de transmisión (par de cobre, cable coaxial, fibra óptica, etc.) empregados nas redes de transmisión de voz e datos
CA1.4 Determinouse a tipoloxía das caixas (registros, armarios, racks, caixas de superficie, de empotrar, etc.) empregadas nas redes de transmisión de voz e datos
CA1.5 Descríbense os tipos de fixacións (tacos, bridas, parafusos, porcas, grampas, etc.) de canalizacións e sistemas que se empregan nas redes de transmisión de voz e datos
CA1.6 Relacionáronse as fixacións de canalizacións e sistemas empregadas nas redes de transmisión de voz e datos co elemento que cumpra suxeitar

4.1.e) Contidos

Contidos
Instalacións relacionadas coas redes de transmisión de voz e datos. Elementos das redes de transmisión de voz e datos: canalizacións (tubos ríxidos e flexibles, canalizacións, bandexas, soportes, etc.), medios de transmisión (cable coaxial, par trenzado, fibra óptica, etc.), antenas, armarios, racks, caixas, e fixacións (tacos, bridas, parafusos, porcas e grampas). Instalacións de infraestruturas de telecomunicación en edificios: características. Sistemas e elementos de interconexión.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Cableamento dunha rede de voz e datos	48

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Desprega o cableamento dunha rede de voz e datos, e analiza o seu trazado	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñecéronse os detalles dos medios de transmisión guiados utilizados en instalacións de redes de voz e datos durante o seu despregamento (categoría do cableamento, tipo de fibra óptica, espazos por onde que discorre, soporte para as canalizacións, etc.)
CA3.2 Utilizáronse os tipos de guías pasacables, indicando o xeito óptimo de suxeitar os cables e as guías
CA3.3 Cortouse e etiquetouse o cable
CA3.4 Etiquetáronse os medios de transmisión guiados de redes de voz e datos
CA3.5 Montáronse os armarios de comunicacións e os accesorios en redes de voz e datos
CA3.6 Montáronse e conectáronse as tomas de usuario e paneis de parcheamento en redes de voz e datos
CA3.7 Despregáronse redes de transmisión de voz e datos que empregan medios de transmisión sen fíos
CA3.8 Traballouse con base na calidade e na seguridade requiridas durante o despregamento de redes de voz e datos

4.2.e) Contidos

Contidos
Recomendacións na instalación do cableamento dos medios de transmisión guiados.
Técnicas para tender os medios de transmisión guiados.
Guías pasacables.
Identificación e etiquetaxe dos medios de transmisión guiados.
Armarios de comunicacións e os seus accesorios.
Tomas de usuario e paneis de parcheamento.
Despregamento de redes sen fíos de voz e datos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Montaxe de canalizacións, soportes e armarios	36

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta canalizacións, soportes e armarios en redes de transmisión de voz e datos, identificando os elementos no plano da instalación e aplicando técnicas de montaxe	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionáronse as técnicas e as ferramentas empregadas para a instalación e a adaptación de canalizacións en redes de transmisión de voz e datos
CA2.2 Montáronse racks de transmisión de voz e datos, seguindo os procedementos recomendados
CA2.3 Identificouse nun plano do edificio ou nunha parte do edificio a situación dos elementos da instalación de rede de transmisión de voz e datos
CA2.4 Preparouse a colocación de caixas e canalizacións de redes de transmisión de voz e datos
CA2.5 Preparáronse e/ou mecanizáronse as canalizacións e caixas de redes de transmisión de voz e datos
CA2.6 Montáronse os armarios (racks) de redes de transmisión de voz e datos, interpretando o plano
CA2.7 Montáronse canalizacións, caixas, tubos, etc., de redes de transmisión de voz e datos, asegurando a súa fixación mecánica
CA2.8 Aplicáronse normas de seguridade no uso de ferramentas e sistemas utilizados para a montaxe de redes de transmisión de voz e datos

4.3.e) Contidos

Contidos
Montaxe de canalizacións, soportes e armarios nas instalacións de telecomunicación.
Técnicas de instalación e adaptación de canalizacións en redes de transmisión de voz e datos.
Ferramentas empregadas na instalación e na adaptación de canalizacións en redes de transmisión de voz e datos.
Montaxe de racks de transmisión de voz e datos.
Características e tipos das canalizacións: tubos ríxidos e flexibles, canles, bandexas, soportes, etc.
Preparación e mecanizado de canalizacións. Técnicas de montaxe de canalizacións e tubos.
Montaxe de canalizacións: tubos ríxidos e flexibles, bandexas, soportes, etc.
Normas de seguridade no uso de ferramentas e sistemas utilizados na montaxe de redes de transmisión de voz e datos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Instalación de elementos e sistemas de transmisión de voz e datos	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala elementos e sistemas de transmisión de voz e datos, recoñecendo e aplicando as técnicas de montaxe	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Ensambláronse os elementos de transmisión de voz e datos que consten de varias pezas
CA4.2 Identifícaronse os medios de transmisión de voz e datos en función da súa etiquetaxe ou das súas cores
CA4.3 Instaláronse e fixéronse os sistemas ou os elementos de transmisión de voz e datos (hubs, switches, routers, etc.) no seu lugar
CA4.4 Instaláronse e fixéronse os sistemas ou elementos de transmisión sen fíos de voz e datos (antenas, amplificadores, etc.) no seu lugar
CA4.5 Seleccionáronse as ferramentas adecuadas para a instalación de elementos e sistemas de transmisión de voz e datos
CA4.6 Conectouse o cableamento cos sistemas e os elementos de transmisión de voz e datos, asegurando un bo contacto
CA4.7 Colocáronse os embelecedores, as tapas e os elementos decorativos dos sistemas de transmisión de voz e datos
CA4.8 Aplicáronse normas de seguridade no uso de ferramentas á hora de instalar elementos e sistemas de transmisión de voz e datos

4.4.e) Contidos

Contidos
Características e tipos das fixacións. Técnicas de montaxe.
Montaxe de sistemas e elementos das instalacións de comunicación de voz e datos.
Ferramentas.
Instalación e fixación de sistemas en instalacións de comunicación de voz e datos.
Técnicas de fixación: en armarios e en superficie.
Técnicas de conexión dos medios de transmisión guiados.
Colocación de embelecedores, tapas e elementos decorativos.
Instalación e fixación de sistemas e elementos de transmisión sen fíos (antenas, amplificadores, etc.).

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Configuración básica de redes locais	48

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións básicas de configuración en redes locais, en relación coas súas aplicacións	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbíronse os principios de funcionamento das redes locais
CA5.2 Identifícaronse os tipos de redes e as súas topoloxías
CA5.3 Recoñecéronse os elementos das redes locais e identifícaronse coa súa función
CA5.4 Descríbíronse os medios de transmisión das redes locais
CA5.5 Interpretáronse mapas físicos de diferentes redes locais
CA5.6 Representouse o mapa físico de diversas redes locais
CA5.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para representar o mapa físico de diferentes redes locais

4.5.e) Contidos

Contidos
Características. Vantaxes e inconvenientes. Tipos. Topoloxías. Elementos de rede.
Identificación de elementos e espazos físicos dunha rede local.
Medios de transmisión das redes locais.
Cuartos e armarios de comunicacións.
Conectores e tomas de rede.
Dispositivos de interconexión de redes.
Configuración básica dos dispositivos de interconexión de redes con cables e sen eles.
Mapas físicos de redes locais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Iniciativa emprendedora na instalación de redes	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da instalación de redes para transmisión de datos	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a instalación de redes para transmisión de datos
CA6.2 Valórase a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na instalación de redes para transmisión de datos
CA6.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa instalación de redes para transmisión de datos

4.6.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na instalación de redes para transmisión de datos.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na instalación de redes para transmisión de datos.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa instalación de redes para transmisión de datos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Prevención de riscos laborais e protección ambiental	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os sistemas para os previr	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte
CA7.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade
CA7.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc
CA7.4 Descríbense os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, pasos de emerxencia, etc.) das máquinas e os sistemas de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantemento
CA7.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas
CA7.6 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental
CA7.7 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA7.8 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e sistemas como primeiro factor de prevención de riscos

4.7.e) Contidos

Contidos
Normas, medios e sistemas de seguridade.
Identificación de riscos.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe.
Sistemas de protección individual.
Normativa de prevención de riscos laborais.
Normativa de protección ambiental e tratamento de residuos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os coñecementos mínimos esixibles son os que aparecen marcados como tal, en cada unidade didáctica, no apartado "4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado".

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Tratándose dun ciclo formativo impartido na modalidade ordinaria (presencial), o proceso de avaliación terá un carácter continuo e se terán en conta as actividades que o alumnado realice na aula, tanto a nivel teórico como práctico. Promoverase a actitude de traballo (atención na clase, seguimento das prácticas, proactividade e afán de mellora, colaboración nos equipos, orden e limpeza do material, seguimento das normas establecidas no aula-taller e no centro, respecto ao profesorado e aos compañeiros...).

O sistema de avaliación basearase nos criterios de avaliación asociados ás unidades didácticas a avaliar.

** CUALIFICACIÓNS

As cualificacións de cada avaliación parcial ou final expresaranse cun número enteiro entre 1 e 10.

Considérase que unha avaliación parcial ou final está aprobada cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

** AVALIACIÓNS PARCIAIS

A cualificación parcial das sesións de avaliación parciais (trimestrais) farase segundo estes criterios:

Parte	Porcentaxe
TRABALLO NA AULA	30%
PROBAS DE AVALIACIÓN	70%

Para calcular a cualificación da avaliación parcial deste xeito é necesario obter un mínimo de 4 sobre 10 na parte de probas de avaliación. Tamén é necesario realizar todas as entregas relacionadas co traballo na aula, salvo falta de asistencia. De non ser o caso, a avaliación parcial será negativa (suspenso).

** AVALIACIÓNS PARCIAIS > PROBAS DE AVALIACIÓN (70%)

Durante o período lectivo previo á avaliación parcial (trimestre) haberá unha ou mais probas de avaliación teórico-prácticas, asociadas a unidades didácticas. As probas serán puntuadas de 1 a 10 con dous decimais. En cada proba indicárase como se cualifica cada parte do traballo requirido ao alumnado.

A nota deste apartado obterase facendo a media ponderada entre a puntuación de todas as probas de avaliación do trimestre. En xeral, cada proba pondera 1, se non se especifica outra ponderación na propia proba. En calquera caso, para poder facer esta media é necesario obter un mínimo de 4 sobre 10 en cada unha das probas de avaliación do trimestre.

A parte práctica das probas de avaliación faranse sobre o ordenador ou no taller, utilizando as ferramentas estudadas nas distintas unidades.

** AVALIACIÓNS PARCIAIS > TRABALLO NA AULA (30%)

A avaliación das actividades realizadas no día a día das clases (30%) desagregase deste xeito:

* 80% Realización correcta e no tempo estipulado das actividades propostas.

Se non realiza as tarefas ou non o fai de xeito apropiado irase perdendo parte desta puntuación.

En xeral, cada tarefa puntuarase de 0 a 3, se non se especifica outro xeito na propia tarefa.

O alumnado que non asista á clase en todo o tempo que dure a actividade terá unha cualificación de 0 na tarefa desenvolvida durante a falta de asistencia e non terá a posibilidade de entrega para a súa avaliación.

A nota deste apartado obterase facendo a media ponderada entre a puntuación de todas as tarefas. En xeral, cada tarefa pondera 1, se non se especifica outra ponderación na propia tarefa.

* 20% Atención ás explicacións dadas na clase.

Se non está prestando atención por estar facendo outras tarefas ou interrompe ás explicacións de xeito disruptivo perderá esta puntuación.

O alumnado perderá un 20% deste criterio por cada apercibimento.

INCENTIVOS

* -20% Atención aos procedementos e coidado do material de traballo.

Se non traballa ordenadamente ou non coida adecuadamente o material de traballo terá un desconto na puntuación.

O alumnado sumará un 20% a este desconto por cada apercibimento.

* -20% Participación nos grupos de traballo organizados nas actividades.

Se non se adapta ao traballo en grupo ou non colabora na execución das actividades se lle restará esta puntuación.

O alumnado sumará un 20% a este desconto por cada apercibimento.

* +20% Interese pola materia e afán de superación.

Se participa activamente na resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento das actividades, ampliando e optimizando o traballo, conseguirá esta puntuación.

O alumnado sumará un 20% a este extra por cada apercibimento.

* +20% Colaboración e axuda con outros compañeiros.

Se presenta predisposición a colaborar e axudar aos compañeiros, unha vez atendidas as súas responsabilidades individuais, conseguirá esta puntuación.

O alumnado sumará un 20% a este extra por cada apercibimento.

** AVALIACIÓN FINAL

A cualificación da avaliación final do módulo será a media aritmética das notas con dous decimais de cada unha das avaliacións parciais, sempre e cando cada unha delas estea aprobada; doutro xeito a avaliación final do módulo será negativa (suspense).

Conforme o establecido no artigo 20 da Orde do 13 de xullo de 2015, os alumnos e alumnas que non superen todos os módulos na avaliación final previa ao período ordinario de realización da FCT (abril-xuño), non poderán realizar a FCT. No horario previsto para a docencia dos módulos, o alumnado que non realice a FCT poderá recuperar os módulos pendentes.

O alumnado que despois da avaliación final de ciclo (xuño) teña pendente exclusivamente a FCT poderá matricularse en calquera dos períodos establecidos na normativa reguladora.

Conforme o establecido no artigo 13.4.º do Real decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e os deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros, os alumnos e as alumnas, no caso de seren maiores de idade, ou os seus pais e as súas nais, así como os seus titores e as súas titoras legais, no caso de non selo, poderán reclamar ante a dirección do centro as decisións e as cualificacións que se adopten como resultado dos procesos das avaliacións finais.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

** RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS PARCIAIS

A materia correspondente ao módulo dividirase en varios bloques ao criterio do profesor e en relación coa marcha da clase e as datas das avaliacións parciais (trimestrais).

Despois, ou inmediatamente antes, da primeira avaliación establecerase a recuperación das unidades non superadas da mesma. Valorarase cada caso en concreto para definir cal será o sistema de recuperación máis adecuado a empregar. Este sistema de recuperación poderá basearse na realización dunha proba teórico-práctica ou na realización de traballos e ou prácticas.

No caso o alumnado teña algún bloque (trimestre) suspenso (nota <5) poderá facer unha recuperación antes da avaliación previa ao período ordinario de realización da FCT, xeralmente a finais do mes de Marzo.

Esta recuperación consistirá nunha proba teórico-práctica baseada nos criterios de avaliación das unidades didácticas incluídas no bloque (trimestre) a recuperar.

As notas obtidas nas recuperacións, sempre que en cada bloque se alcance o 5, farán media coas das avaliacións trimestrais xa superadas para obter a nota final do módulo.

Se non se superase algún dos bloques (trimestres) do módulo, a nota do mesmo será sempre inferior a 5.

** AVALIACIÓN FINAL DE CICLO DE XUÑO

O alumnado que non superase o módulo antes do período ordinario de realización da FCT realizará as tarefas de recuperación que propoña o profesorado no horario previsto para a docencia do módulo durante o período establecido con carácter xeral para a realización da FCT.

O alumnado que non recupere o módulo neste período poderá realizar, previa á avaliación final de xuño, unha proba que estará estruturada en bloques vinculados ás unidades didácticas estudadas durante todo o curso.

A proba terá un carácter teórico-práctico, podendo ser necesario facer algunha tarefa no ordenador ou no taller.

O alumno superará o módulo si supera cada un dos bloques da proba cunha puntuación superior a 5. A nota do módulo, nese caso, será a media dos bloques. En caso contrario, a nota do módulo será sempre inferior a 5.

Pode ser tamén necesaria a realización de traballos ou prácticas para a superación do módulo, se o profesor así o indica.

** ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado repetidor co módulo pendente, conforme o artigo 20 da Orde do 13 de xullo de 2015, non obtivo o acceso á FCT nin a proposta de título e deberá repetir os módulos pendentes; tendo así que asistir ás clases co obxecto de aproveitar o máximo posible as explicacións e os exercicios prácticos que se propoñan e será avaliado do mesmo xeito que o alumnado que cursa o módulo por primeira vez.

**ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

O alumnado poderá resolver as súas dúbidas sobre a materia a recuperar tanto nas clases ordinarias, na aula ou no taller, ou os tempos de lecer coma os recreos se é posible; tamén poderá empregar a comunicación a través da aula virtual.

Facilitaranse actividades de reforzo da materia a recuperar, para que o alumnado as faga de xeito autónomo, de ser necesario.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Tal e como se recolle na Orde do 13 de xullo de 2015, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non será de aplicación ao

alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.

Para o resto do alumnado, tal e como se recolle no artigo 25 da Orde de 12 de Xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo é do 10% respecto da súa duración total.

Concretamente, no módulo "Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos" perderase o dereito á avaliación continua a partir de 25 sesións (10% de 247 sesións = 24.7 sesións). Para os efectos da perda do dereito á avaliación continua valoraranse as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no RRI do IES do Barral.

Aínda que un alumno ou alumna perda o dereito á avaliación continua, poderá continuar vindo a clase e realizando as actividades ordinarias previstas, sempre e cando non implique risco para si mesmo, o resto do grupo ou as instalacións. Non obstante, non poderá esixir que se lle avalíen ditas actividades.

O alumnado que teña comunicada a perda do dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación, previa á avaliación final do módulo correspondente.

Esta avaliación consistirá nunha proba, estruturada en bloques vinculados ás unidades didácticas do módulo.

O deseño desta proba extraordinaria tomará como referencia os mesmos criterios de avaliación e mínimos esixibles cos que se valorará ao resto de alumnos e alumnas.

A proba terá un carácter teórico-práctico, podendo ser necesario facer algunha tarefa no ordenador ou no taller.

O alumno superará o módulo si supera cada un dos bloques da proba cunha puntuación superior a 5. A nota do módulo, nese caso, será a media dos bloques. En caso contrario, a nota do módulo será sempre inferior a 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG 136 de 15 de xullo de 2011) pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, determina no seu artigo 23.5 que cada departamento de familia profesional realizará, cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo. Ademais, a mesma Orde establece que a programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias, e que o referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

Polo tanto, atendendo á normativa vixente o procedemento acordado, ao inicio de curso en reunión de departamento, é o seguinte:

- O seguimento da programación de cada módulo farase a través da aplicación web de Xestión das programacións, da consellería de educación (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>).
- Será realizado polo profesorado responsable de cada módulo dende a aplicación ao longo do curso. Recoméndase que cada vez que se inicie/remate unha unidade didáctica se anoten as datas de inicio/fin na aplicación; así como, para cada unidade, a data en que é avaliada, sesións realizadas, grao de cumprimento, e todas aquelas observacións que o profesorado estime oportunas.
- Dende o departamento establecerase un calendario para a realización do seguimento das programacións.

En cada unha das datas fixadas para realizar o seguimento, o profesorado xerará dende a aplicación o informe.

1. O informe de cada seguimento realizarse referido ás datas dende o anterior informe ata a data actual.
2. A vista dos informes de seguimento, convocarase, se é necesario, unha reunión do equipo docente do ciclo a fin de tomar as medidas ou propostas de mellora oportunas.

Complementariamente, para a avaliación da práctica docente, poderase ofrecer ao alumnado enquisas de avaliación docente que servirán para valorar diferentes aspectos do proceso de ensinanza; nese caso, analizaranse as respostas en contraste cos resultado doutros compañeiros e

compañeiras do equipo docente. Estas enquisas levaranse a cabo dun xeito continuo ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, por exemplo coincidindo coas avaliacións parciais, co fin de detectar posibles problemas e aplicar as correccións oportunas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno, así como as súas capacidades. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional do título.

O profesorado encargado de impartir a docencia do módulo, deseñará actividades a realizar polo alumnado nas primeiras semanas de clase para recoller os coñecementos iniciais do alumnado. Exemplos destas actividades serían cuestionarios de coñecementos previos de contidos relacionados co módulo, cuestionarios de contextualización do alumnado (formación previa, experiencia laboral, equipos informáticos que ten ao seu alcance, experiencia no uso de software específico, etc.), intervención dos alumnos e alumnas en debates ou intercambios orais, etc.

As valoracións que se realicen deberán ter un carácter cualitativo e en ningún caso levará consigo cualificación académica para o alumnado.

No transcurso das primeiras semanas de clase, logo dun período de tempo necesario para a recompilación dos datos, convocarase a avaliación inicial que terá como participantes todos os profesores que teñan docencia co grupo e un membro do equipo de orientación. Esta avaliación inicial estará presidida e dirixida polo titor do grupo e servirá para analizar as dificultades de aprendizaxe que se atopen no alumnado do grupo, para establecer así, en coordinación co Departamento de Orientación, as medidas de flexibilización oportunas. Para levar a cabo esta avaliación inicial, teranse en conta tamén os informes da avaliación de cursos anteriores. O profesor titor dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan e o departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio ou flexibilización para atender á diversidade do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, deseñaranse tarefas de apoio ou reforzo, co obxectivo de afianzar as debilidades detectadas.

Tan pronto como se detecte que parte do alumnado non pode seguir o normal desenvolvemento do ritmo do curso, a pesar de que se observe un esforzo axeitado pola súa parte, proporánselle actividades de reforzo especialmente deseñadas para a diversidade concreta. Ditas actividades manteranse ata que se observe que pode seguir correctamente o ritmo medio de desenvolvemento do grupo.

Medidas de reforzo xerais:

- Atención individualizada en determinados momentos do desenvolvemento da clase.
- División en partes elementais, das actividades normais, posiblemente con explicacións adicionais personalizadas.
- Favorecerase a colaboración entre compañeiros.
- Resolución das probas de avaliación dos distintos bloques.
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- Identificación dos contidos básicos e imprescindibles, progresando tamén nos contidos complementarios.
- Realización de actividades de procura de información, especialmente deseñados para cada alumno ou alumna.
- Repetición de actividades e cuestionarios, fora do horario de clases.
- Resolución actividades extra propostas, fora do horario de clases.

Durante o desenvolvemento do curso prestarase especial atención ao alumnado que presente necesidades educativas especiais, coa axuda do Departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No artigo 96 do Decreto 324/1996, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, faise referencia a uns contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que deben formar parte de toda actividade escolar: educación ambiental, educación para a saúde, educación para a igualdade de oportunidades entre sexos, educación para a convivencia, educación para o consumidor, educación vial e educación para a paz.

Por outra banda, na Lei Orgánica 5/2002 das Cualificacións e da Formación Profesional establécense unhas áreas prioritarias nas ofertas formativas, que serán aquelas relativas ás tecnoloxías da información e a comunicación, idiomas nos países da Unión Europea, traballo en equipo e prevención de riscos laborais, indicándose no artigo 10 do R.D. 1538/2006 (ordenación xeral da FP) que deben de incorporarse de forma transversal nos módulos profesionais que compoñen os títulos de cada ciclo.

No caso do módulo de "Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos", a maioría dos temas transversais incorporaranse a través dos contidos actitudinais programados para cada unidade didáctica. O resto traballarase no clima da clase, aproveitando distintas situacións que se produzan para introducir mensaxes sobre drogas, alcohol, igualdade, etc., propiciando debates nos que se cumpran as normas de respecto mutuo, e utilizando unha linguaxe non sexista na realización das actividades. En canto as áreas prioritarias (artigo 10 do Real Decreto 1538/2006), trataranse mediante a utilización de catálogos e documentación en lingua estranxeira; así como a través da revisión e implantación de novas tendencias en tecnoloxías da información e da comunicación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as actividades complementarias que se acorden no Departamento de Informática, para o ciclo ou curso, ao longo do curso escolar. O Departamento de Informática programará, previsiblemente para os dous cursos do ciclo, unha serie de actividades complementarias e extraescolares, preferiblemente unha por trimestre.

Poderían ser:

- Proxección de documentais e películas relacionadas co mundo da informática: software libre, hardware, novas tecnoloxías, etc.
- Excursións a centros de interese educativo ou laboral (Cesga, CPD de empresas públicas ou privadas, fábricas ...)
- Cursos a través das aulas virtuais da Rede Cemit
- Cursos de primeiros auxilios ou actuación ante emerxencias en entornas laborais

10. Outros apartados

10.1) Constancia de información ao alumnado

A información relativa á programación didáctica do módulo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación, cualificación e procedementos e mínimos esixibles) estará a disposición do alumnado no curso do aula virtual do centro educativo asociado ao módulo (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbarral/aulavirtual>).

Ademais, publicarase tamén na páxina web do instituto quedando á disposición de toda a comunidade educativa.